



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE  
SAXAMONDE  
2 DE DECEMBRO DE 2015

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación acta anterior**
- 2.- Dar conta dos temas tratados en anteriores consellos parroquiais**
- 3.- Modificación do regulamento dos consellos parroquiais**
- 4.- Varios**

No Centro Cultural Chan das Pipas de Saxamonde, sendo as vinte horas e dez minutos do día dous de decembro de dous mil quince, logo da convocatoria, reuníronse os seguintes membros :

REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

PSOE .- Lucas Alonso

AER.- J. Roberto Darriba Ferradás

BNG.- Xoan Carlos González Campo

REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS

José Antonio de la Iglesia Godoy

José L. Tornero López

REPRESENTANTES DA COMUNIDADE DE MONTES

Manuel José Moldes Senra

Félix Vila Alonso

Óscar Manuel Corugeira Rodríguez

REPRESENTANTES DA ASOCIACIÓN DE MULLERES (ARELA)

María Luz Viñas Otero

Rosa Freaza Lago

REPRESENTANTES DAS COMUNIDADES DE AUGAS

Ricardo Martínez Fernández

Laura Domínguez Martínez

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Saxamonde convocada para o día de hoxe.

Incidencias: Acude a esta xuntanza do Concelleiro de Medio Ambiente e Participación Cidadá, Miguel Ángel Álvarez Ballesteros.



## **1.- Aprobación acta anterior**

Sométese a votación a aprobación da acta da xuntanza celebrada en data 14 de outubro de 2015.

Félix Vila Alonso di que habería que engadir na folla número 4 que o espello foi colocado no Camiño do Castelo e o sinal de tráfico cortado detrás da fábrica do Casas.

Na folla número 7 onde di: con anterior concelleiro, debe dicir: coa actual concelleira.

Feitas as correccións a acta queda aprobada pola maioría das/os membros presentes coa abstención de Rosa Freaza Lago e Laura Domínguez Martínez por non ter asistido á xuntanza.

## **2.- Dar conta dos temas tratados en anteriores consellos parroquiais**

### **3.- Modificación do regulamento dos consellos parroquiais**

A Presidenta da o uso da palabra ao Concelleiro de Medio Ambiente para que explique as actuacións que se van a realizar na parroquia.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, como Concelleiro de Participación Cidadá, quere explicar que se enviou unha proposta de modificación do Regulamento dos consellos parroquiais porque se pretende que a modificación sexa o resultado do consenso con todos os colectivos. As aportacións de todos os colectivos se poñerán a disposición dos demais. Neste intre so fixo aportacións a sociedade cultural do Viso que se incorpora a este acta.

Félix Vila Alonso pregunta se se vai tratar o tema no consello ou ben se envían as propostas.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros di que as propostas se envían ao Concello. Informa que se vai a facer un proxecto de compostaxe. Hai un ano ou ano e medio fixéronse charlas sobre o tema nos centros culturais. Agora con motivo do programa Redondela 2020 e debido a que Europa obriga a reducir o lixo orgánico a opción da compostaxe e a que mellor se adecúa sobre todo para o rural. A Deputación realizou visitas ao País Vasco, onde xa o teñen implantado. Haberá tres liñas.

Unha liña para a compostaxe individual que consistirá en charlas. Haberá unha o día dez ás seis da tarde e ás persoas interesadas faráselle entrega dunha composteira.

Outra liña destinarase ao compostaxe comunitario dirixíndose ao centro de Redondela.



CONCELLO DE REDONDELA

A terceira liña farase con Urbaser tendo como destinatarios os grandes centros produtores como supermercados, invernadoiros. Van a vir mestres composteiros a dar as charlas.

O servizo de recollida de lixo custa un millón de euros, existe un déficit no gasto do lixo e entre todos se podería reducir coa compostaxe. A Sogama se lle pagan 800.000 euros e o resto a Urbaser.

Óscar Manuel Corugeira Rodríguez pregunta se se podería por un punto limpo.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros di que hai proxecto, o problema é o terreo necesítanse 1.500 metros. O lugar que se tiña pensado era debaixo da canteira, pero ten problemas de afección. Polo de agora sempre que alguén necesite tirar voluminosos deberá facelo a través de Urbaser.

Vaise intentar a recollida de orgánico porta por porta dos grandes produtores con Ecocelta, para evitar levalo a Sogama e así poder reducir os gastos.

Roberto Darriba Ferradás pregunta se hai algunha proposta do que cobraría por este proxecto Ecocelta ou Urbaser. Tamén quere saber se se implementará nos centros educativos que teñen comedor.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros di que un técnico do Concello e un maestro composteiro da Deputación poranse en contacto con eles.

Xoan Carlos González Campo di que o importante é que calquera pode crear unha composteira e o recibo do lixo encareceu porque Sogama lle subiu 140.000 euros ao Concello, que hai que pagar entre todos.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros di que o prezo por tonelada é de 73 euros e o que hai que intentar é reducir a cantidade.

Roberto Darriba Ferradás pregunta se alguén contrasta o que di Sogama, ou debido á dificultade se se fai unha estimación.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros di que os camións se pesan. Asemade informa que a Deputación sacou unhas bases e os Concellos poden adherirse ou non. Terán que presentar uns programas e tamén hai follas para a veciñanza que queira facer reciclaxe. Tamén recordar que na páxina web do Concello pódense facer aportacións para o proxecto europeo Redondela 2020

Ás 20.55 horas o concelleiro Miguel Ángel Álvarez Ballesteros abandona a xuntanza.

A Presidenta solicita que se nomee a un/ha veciño/a que coñeza ben a parroquia para que poida resolver as dúbidas da empresa do PXOM.



Roberto Darriba Ferradás pregunta se a persoa se pode cambiar.

Xoan Carlos González Campo di que a persoa representante sería para acompañar aos da empresa e que se pode cambiar.

Manuel José Moldes Senra di que sería mellor facer unha xuntanza na parroquia e que todas as persoas acheguen ideas.

## **2.- Dar conta dos temas tratados en anteriores consellos parroquiais**

A Presidenta di que vai tratar os temas que quedaron pendentes no consello anterior. En relación co saneamento de Saxamonde amosa o plano do que falta. O proxecto do saneamento dos Valos está feito. Informa que a empresa concesionaria Aqualia ten unha relación por nome, pero non ten planos do saneamento e se lle están pasando todos os saneamentos para que fagan o traballo.

Amosa copia do documento de accesibilidade do colexio de Quintela que se enviou xunto co de todos os colexios en data 20 de maio.

Manuel José Moldes Senra di que o colector do saneamento dos Valos tería que ir pola parte máis baixa para coller todas as casas.

Roberto Darriba Ferradás di que se pediu dende o consello escolar dándolle prioridade ao colexio de Quintela e ao IES Chapela.

Xoan Carlos pregunta se se está traballando no proxecto.

A Presidenta di que si e que se está a espera da resposta. Na volta dende que acaba o asfalto ata o talude da devesa metéronse uns tubos e se vai botar asfalto para ampliar a curva. O muro que vai á volta estaba no aire e vanse meter uns tubos e poñerse unha varanda ata que non se faga o muro.

Félix Vila Alonso pregunta porque non se fala cun veciño para que ceda e se amplía a curva.

A Presidenta di que o problema do veciño é o portal que non se pode mover. En relación cos contedores Urbaser tense pensado aumentar o número e o cambio dalgúns polo que haberá que esperar.

En relación co alumeado do Coto do Gran que se dixera que era de segunda man, a obra foi realizada por unha empresa e asinada por un técnico municipal. Se algunha deficiencia existira ou se puxeron material de segunda man sería denunciado. O alumeado non funcionaba porque caíra unha árbore de montes que rompeu un cable.



Óscar Manuel Corugeira Rodríguez di que o alumeado deixa de funcionar de seguido e hai un poste deitado.

En relación co camiño dos Frades para que os vehículos poidan dar volta, enviouse un dossier a Fomento no ano 2012 no que se incluía a rotonda dos Valos e a instalación de semáforos e paso de peóns na estrada do Muro. Deste dossier fixéronse algunhas actuacións e outras non. A rotonda non cumpre coa normativa debido ao cambio de rasante e non teñen orzamento para baixar a pendente da estrada. O talude de abaixo pegado ao lavadoiro non é de Fomento nin do Concello, é veciñal e hai un conflito entre os veciños.

Xoan Carlos González Campo solicita o informe dos técnicos onde se recolla que non da a pendente. Mentres non exista nada por escrito a rotonda é viable. A construción da rotonda favorecería a obra de saneamento. A obra é necesaria polo que hai que seguir loitando para que se instale.

Roberto Darriba Ferradás solicita que se pida por o informe que di que non é viable.

A Presidenta informa que a Fonte de San Román en canto á fonte é do Concello, 23 m<sup>2</sup> (2,80 x 4,43) e o terreo ao longo é valdío, non ten dono, non é da Igrexa nin do Concello. A Fonte do Preto tense que reparar.

Félix Vila Alonso di que se non se pode reclamar cortar o plataneiro, que se solicite dende o Consello Parroquial que se inste ao Concello para que o corte.

A Presidenta di que a Fonte do Preto se ten que reparar, pero que está en terreo de montes, non ten auga e a manguera está tirada sen botar auga.

Manuel José Moldes Senra di que o Concello a reparou antes.

A Presidenta informa que só se repararán as que sexan municipais. En relación co ensanche de Casal do Monte existe un proxecto, pedíronse dúas beirarrúas, pero porase unha na ponte. O proxecto debe estar a punto de redactarse.

Félix Vila Alonso di que se debería ter en conta que a traída de auga pasa pola ponte e o saneamento.

A Presidenta di que o problema da curva do camiño de Albarroz está arranxado, en canto ao camiño do Souto é público. Por outra banda a calella da Estrela non existe no inventario.

Félix Vila Alonso di que é municipal e que a veciñanza está reclamando que se abra.

José Luis Tornero López di que tal e como están os planos do catastro, non é moi fiable.



Roberto Darriba Ferradás di que se pode solicitar dende o Consello que se inventarie.

A Presidenta di que o camiño do Castelo está pendente de ir a ver. O espello na curva do Corisco xa está colocado e os reflectanes tamén. En relación coas beirarrúas de Vilar o problema está en que a comunidade de montes non cedeu.

Félix Vila Alonso di que a montes non se lle solicitou a cesión.

A Presidenta di que para a cesión faise á petición á Deputación.

José Luis Tornero López di que debería ser ao revés a Deputación debería ver a necesidade e dirixirse ao propietario para aque ceda.

Manuel José Moldes Senra di que se deben facer os mesmos investimentos que en Vilar.

Xoan Carlos González Campo di que a Deputación se vai dirixir aos concellos para tratar a seguridade vial e se debería incluír esa zona con badéns, pasos de peóns e beirarrúas.

#### **4.- Varios**

María Luz Viñas Otero como representante da asociación de mulleres Arela quere someter o seguinte:

“A asociación de mulleres Arela de Saxamonde somete á consideración do Consello Parroquial a seguinte proposta:

Xa que, desde finais do ano 2008, é posuidora de feito, do uso da antiga escola, considera a necesidade da sinatura da cesión de uso a favor de “Arela” polo Concello de Redondela cun convenio que recolla todos os dereitos e obrigas e o uso doutras asociacións dos locais.

Polo que solicita a aprobación do Consello Parroquial desta proposta, e, de ser afirmativa, a certificación desta pola secretaría.”

Xoan Carlos González Campo di que se someta á Secretaria Xeral para ver os termos do convenio.

A proposta é aprobada por unanimidade das/os membros presentes do Consello Parroquial.

A Presidenta en relación cos orzamentos participativos non se pode incumprir un acordo plenario.

Roberto Darriba Ferradás di que se podería repartir.



Félix Vila Alonso en relación co saneamento do camiño do Souto solicita que se traia o informe de inviabilidade no que se indica que non dan os niveis e se busque unha solución para a súa instalación.

A Presidenta informa que a solución é bombear ou baixalo a o outro lado do río, pero o problema é que Augas de Galicia non da a autorización.

Félix Vila Alonso propón que dende o Consello Parroquial de Saxamonde se solicite ao Concello a iniciación doutro proxecto para dar saneamento á zona do Souto.

A proposta é aprobada por unanimidade das/os membros presentes.

Félix Vila Alonso di que na ludoteca que se fixo este ano quedaron nenas/os da parroquia fóra e entraron os doutras.

Ás 22.30 horas auséntase Laura Domínguez Martínez.

Félix Vila Alonso quere reitarar que o funcionamento dos consellos parroquiais non se debe reducir aos orzamentos participativos. Que sempre que se vaia a realizar algún traballo se informe ao Consello Parroquial, porque non se ten coñecemento do que se fai.

A Presidenta di que non é viable facer ese tipo de actuación porque se entorpece, sobre todo das obras pequenas.

José Luis Tornero López solicita que se entregue ao Consello Parroquial un plano de actuacións na parroquia para o ano 2016.

Xoan Carlos González Campo di que no camiño Romano baixan as augas pola estrada e hai unha parte sen canalizar.

A Presidenta di que hai un tubo pechado e a auga pode ir por enriba.

Félix Vila Alonso solicita a colocación de banda reductora de velocidade no camiño Romano á altura do número 15, onde está a marmolería.

A Presidenta di que se podería facer un lomo de burra.

Félix Vila Alonso di que habería que recoller as augas no camiño do Tombo na subida do camiño do Souto ata Padrón e facer cunetas porque os balados son de terra. No camiño da Quiringosta tamén habería que recoller as auga.

Roberto Darriba Ferradás di que dende AER se solicita documentación a través do rexistro do Concello e non se lles entrega nada, espera que non se poida repetir.



CONCELLO DE REDONDELA

E non habendo máis temas na orde do día, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e cincuenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que coma Secretaria do Consello DOU FE.